

**Como melloramos
a loita contra a
pobreza e a
exclusión social no
eido
socioeducativo?**

VII FORO
de capacitación sobre POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR e VOLUNTARIADO
Mellorando a inclusión social contra a transmisión da pobreza

A POBREZA HERDASE
24 OCTUBRO 2017

#HerdarPobreza
Santiago de Compostela
Facultade de Matemáticas USC

info@eapn-galicia.com · www.eapn.es · www.pobreza.gal

Organizadores: EAPN Galicia, USC, Xunta de Galicia
Subvenciones: Xunta de Galicia, USC
Colaboradores: USC

Que está funcionando?

- ▶ Ensinar non é o máis importante, educar si.
- ▶ Comezamos a pensar que coordinarnos é importante
- ▶ Nos damos conta de que os mozos e mozas nos centros de ensino necesitan a xente do social. Necesítase a presenza de diferentes roles na educación para chegar á acción comunitaria integral.
- ▶ As competencias dos equipos dos orientadores se definen, amplíanse, eles comparten, suman, teñen iniciativa.
- ▶ Cambio de paradigma: todos/as somos necesarios. Traballo nun contexto integral e comunitario.
- ▶ Estanse creando comunidades de intereses particulares por iniciativa propia do profesorado. Nótase o voluntarismo e a ilusión, a implicación de moitos docentes. Especie de "furtivismo" de algúns docentes que retoman o traballo en rede e crean verdadeiras comunidades de intereses contaxiando a moitos e moitas.
- ▶ Realización de programas de sensibilización no ámbito educativo con repercusión social e comunitario (EX: *A Estrada Inclusiva*)
- ▶ En xeral, temos un bo sistema educativo en canto á estrutura.
- ▶ Dereito universal á educación que vai mais alá do feito de estar escolarizado.
- ▶ Marco lexislativo que inclúe a atención a diversidade (decreto 229/2011). Leis que garanten dereitos. Plan de acción tutorial, plans de acollida nos centros, etc.
- ▶ Necesidade de repensar a educación.

Como melloramos a loita contra a pobreza e a exclusión social no eido socioeducativo?



Que está funcionando?

- ▶ Estratexias de equidade e calidade, educación inclusiva e de calidade. Éxito educativo como fin principal, pendente de estratexias para que chegue a todos (mesmo nivel de expectativa para todos e todas).
- ▶ Estratexia Galega de Convivencia Escolar (educonvives.gal)
- ▶ Rede Galega de Orientación Educativa nos Centros
- ▶ Protocolos educativos: ciberacoso, absentismo, necesidades especiais
- ▶ Posibilidade de obter recursos dende os centros educativos: solicitude de contratos-programa naquilo que desexan mellorar (EX: PROA...)
- ▶ Programas en colaboración con Entidades, que conseguen que participen en rede diferentes axentes sociais.
- ▶ Uso de/das novas tecnoloxías para a inclusión.
- ▶ Escolas de pais e nais.
- ▶ Profesionais nos centros educativos con moita vocación.
- ▶ Necesidade de fortalecer a educación pública.
- ▶ Prioridade de loitar contra o fracaso escolar e a exclusión, debe ser unha decisión política e tomar medidas urxentes.
- ▶ Apostar polo éxito escolar para todos e todas, con logros, certificados, resultados, etc.
- ▶ Escolas abertas todo o día, accesibles para todos e todas.
- ▶ Prevención sempre antes que reacción.

Que non está funcionando?

- ▶ O cambio de paradigma non está institucionalizado, tense que regular e non debe depender só das boas vontades.
- ▶ Escola sobrecargada: demasiadas demandas sociais. Non todo é competencia dos/das profes.
- ▶ Medidas de atención á diversidade non adaptadas ao alumnado con necesidades especiais. Os recursos non chegan a todos e todas.
- ▶ Falta de persoal que lles permitan aos centros dar unha atención educativa de calidade.
- ▶ Compensación de carencias afectivas e de relación na escola. Multitareas dos/as docentes
- ▶ Exceso de parcelación (dentro do mesmo centro e do centro co exterior)
- ▶ Lentitude nos cambios, hai que mellorar a información e a comunicación. Hai que potenciar a coordinación e tirar das fortalezas e oportunidades, xerar novos espazos, novos tempos, etc.
- ▶ Falla de individualización/personalización do ensino, todo para todos, tendencia a homoxeneidade. A diversidade non se ve sempre como un valor.
- ▶ Falta de formación e preparación (inicial e permanente) do profesorado en competencias de pedagogía social (nos máster de profesorado das universidades españolas apenas existen materias que aborden a exclusión social; igualmente na formación inicial do profesorado de primaria).

Que non está funcionando?

- ▶ Profesores queimados (só recompensas a nivel persoal, motivacional, parece que vale o mesmo “facer que non facer”). Recoñecemento e estímulo a nivel formal e/ou institucional.
- ▶ Necesítase avaliación continua do quefacer docente, das necesidades que se detectan, hai que normalizar esta ferramenta.
- ▶ Non existen centros de segunda oportunidade, con currículos mías flexibles.
- ▶ Os recortes NON funcionan. Os máis prexudicados seguen a ser os fillos das familias máis desfavorecidas.
- ▶ Non funcionan os parches, programas externos de apoio sen continuidade, sen sentido.
- ▶ Falta a educación con exemplo a seguir (educar a tolerancia sen tolerar, educar en democracia sen participación)
- ▶ Obstáculos para as familias en risco de exclusión no acceso a educación infantil (teñen prioridade os fillos/as de pais/nais que traballan).
- ▶ Non posibilidade de realización de prácticas en centros educativos públicos por parte de certos ciclos de FP como o de Integración social.

Como o melloramos?

- ▶ Facer partícipes aos pais e nais na escola. Estratexias coordinadas entre o centro, administracións, ... Para incluír aos pais e nais nas actividades do centro, tendo en conta intereses particulares, grupais e facendo que sexan os protagonistas.
- ▶ Reconceptualizar a coordinación entre profesionais e servizos dos distintos ámbitos
- ▶ Erradicación de barreiras económicas, especialmente con familias máis vulnerables
- ▶ Identificar as barreiras de exclusión dende os propios centros educativos, aquelas que se crean dende o ámbito educativo (horarios, espazos, actividades, métodos empregados). Comezar a mirar cara dentro e cuestionar aquilo no que fallamos.
- ▶ Concertos de alianzas pola educación (mesas comunitarias, redes de traballo...)
- ▶ Coa Prevención con medidas a longo prazo
- ▶ Universalizar a accesibilidade a educación.
- ▶ Descentralización do centro escolar (carta de servizos a cidadanía). Inclusión no ámbito e acción comunitaria
- ▶ Comunidades nas que o profesorado poidan formarse en competencias para o traballo comunitario. Importancia da formación permanente do profesorado, fomentar/valorar a preocupación persoal por saber, aprender, avanzar, coñecer, ...
- ▶ Mellora da información e comunicación entre profesionais, tanto entre o ámbito educativo como do educativo co resto dos eidos.
- ▶ Incorporar novos perfís profesionais na escola: educadores sociais, pedagogos, etc.

Como melloramos a loita contra a pobreza e a exclusión social no eido socioeducativo?



Como o melloramos?

- ▶ Deseño universal de actividades para a inclusión de todo o alumnado.
- ▶ Normalización da avaliación. Non entendida como un castigo
- ▶ Potenciar a inclusión social nos tempos de lecer.
- ▶ Busca de líderes educativos.
- ▶ Plans de mellora contextualizados a cada centro educativo.
- ▶ Flexibilización do currículo
- ▶ Recoñecemento ao profesorado que mellora os resultados.
- ▶ Creación de procesos nos que se teñan altas expectativas para todo o alumnado, sen deixar fóra a ningún neno/a. somos os profesionais os que segregamos e deixamos fora e personalizamos os fracasos
- ▶ Abrir a porta a escola ás mesas/ grupos de participación de barrios, grupos comunitarios, etc.
- ▶ Débese falar incluso da necesidade de mellorar a selección do profesorado (valorar vocación, formación no social, empatía, etc.)
- ▶ Hai que falar da igualdade nas diferenzas, con expectativas para todos e todas garantindo un proceso educativo de calidade.
- ▶ CONVIVIR, TOLERAR, PARTICIPAR, BÚSQUEDA DE EXCELENCIA, DE ÉXITO PARA TODOS E TODAS. Incluír ao alumnado en desvantaxe e ofrecer igualdade de oportunidades para o éxito escolar, éxito que repercutirá na sociedade e na loita contra as diferenzas, ..."Cambiar/mellorar a educación para poder cambiar o mundo"....